



Tratamentos de beleza:

prevención do risco químico

nas tarefas de **manicura profesional**
e aplicación de **tratamentos para pestanas**

Edita: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia | Dep. Legal: C 760-2023 | Diseño: Mabel Aguiar

Tratamentos de beleza:

prevención do risco químico

nas tarefas de **manicura profesional**
e aplicación de **tratamentos para pestanas**

Sabías que as persoas que aplican tratamentos de esmaltado e escultura de uñas e tratamentos específicos para pestanas poden ter problemas de saúde, sobre todo **dermatite** e incluso **problemas respiratorios**?

Sabías que a causa destes problemas de saúde sole estar nos **produtos cosméticos** que se utilizan na aplicación das diferentes técnicas?

Podes evitar estes e outros danos con MEDIDAS DE PREVENCIÓN

Compra produtos seguros

Algúns produtos advirten da ausencia de certos ingredientes perigosos, por exemplo "libre de tolueno", ou "sen ácido", que **non conteñen ácido metacrílico** (*methacrylic acid*).

Consulta co teu distribuidor para escoller a formulación menos perigosa para a saúde.

Evita os problemas de pel

Utiliza luvas adecuadas para evitar o contacto ao manexar os produtos.

Deben ser de protección química e estar en bo estado. Deben seleccionarse en función dos produtos empregados, por exemplo as que serven para a acetona deben levar a letra B debaixo do pictograma.

EN ISO 374-1 : 2016/*



Pictograma de protección química das luvas

Non reutilices as desbotables.

Evita o uso de aneis, reloxos e pulseiras porque poden rompelas.

Coida as mans: lávaas ao quitar as luvas e se houbo contacto con produtos, usa crema hidratante durante a xornada e ao rematala.

Evita os problemas respiratorios:

Debes manter limpo o aire do local, isto conséguese:

- **instalando sistemas de extracción localizada** en cada un dos postos de manicura (mesas con extracción e filtración integrada, ou sistemas de extracción portátiles ou montados no teito ou parede cun tubo suspendido sobre a mesa de traballo).

- **coidando especialmente a ventilación xeral do local**, que pode ser natural ou forzada sempre que permita unha adecuada renovación do aire no interior.

Contacta con especialistas para instalar e manter en bo funcionamento os sistemas de ventilación e de extracción localizada!

Debes traballar con seguridade:

- **mantén pechados os envases que non uses** e cando os acabes deposítaos en recipientes/cubos con tapa.

- **utiliza só a cantidade de produto necesaria** e usa dosificadores para reducir o contacto co produto, non amorees envases na mesa de traballo.

- **desbota os algodóns contaminados** en recipientes/cubos con tapa situados preto de cada mesa de traballo.

Vixía a túa saúde

Fai os recoñecementos médicos periódicos para a túa profesión:

- para **identificar problemas incipientes de saúde** causados polo traballo e

- para **saber se tes que tomar precaucións especiais** polas túas condicións de saúde particulares ou no caso de que esteas embarazada ou aleitando a o teu fillo.

Deberías comunicar á autoridade competente calquera reacción adversa para a saúde que relaciones coa manipulación dun produto cosmético. Faino polo sistema **NotificaCS** da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios.

Instrucións para notificar nesta ligazón:

https://www.aemps.gob.es/vigilancia/cphp/docs/triptico_cosmetovigilancia.pdf